Ensinanzas de danza

1. Acceso e admisión....2
2. Ordenación académica....2
   2.1 Ensinanzas elementais....3
   2.2 Ensinanzas profesionais....3
3. Escolas....4
4. Autorización a centros docentes privados....4
5. Programa Erasmus+....4
6. Axudas e bolsas de estudos....4
7. Premios....5
8. Organización e funcionamento....5
9. Especialidades docentes....5
10. Títulos e equivalencias....6
11. Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores....7

1. Acceso e admisión

- Instrución conxunta da Axencia Tributaria de Galicia e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a aplicación de prezos públicos nas ensinanzas de réxime especial do 5 de xuño de 2015.

- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño (DOG do 17).

- Orde do 13 de maio de 2009 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de danza dispostas no Decreto 204/2007, do 11 de outubro (DOG do 26).

- Circular 3/2009 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza do 12 de maio de 2009.

2. Ordenación académica

- Real decreto 628/2022, de 26 de xullo, polo que se modifican varios reais decretos para a aplicación da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ás ensinanzas artísticas e as ensinanzas deportivas, e a adecuación de determinados aspectos da ordenación xeral das devanditas ensinanzas (BOE do 27).

- Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do calendario do curso 2022/23 nos conservatorios elementais e profesionais de música do 26 de maio de 2022.

- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, ESO e bacharelato no curso 2022/23 (DOG do 20 de xuño de 2022).

- Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato (BOE do 6).

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21).

- Real decreto 1953/2009, do 18 de decembro, polo que se modifican o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, o Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, e o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, no relativo ao cálculo da nota media dos alumnos das ensinanzas profesionais de música e danza (BOE do 18 de xaneiro de 2010).

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 4). Modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, de educación (BOE do 30).

2.1 Ensinanzas elementais

- Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e de danza dispostas nos Decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007, do 27 de setembro polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente do 14 de marzo de 2008.

- Decreto 196/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza (DOG do 23 de outubro).

2.2 Ensinanzas profesionais

- Instrución 1/2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, relativa aos libros de cualificacións das ensinanzas profesionais de música e de danza do 13 de febreiro de 2023.

- Instrucións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para a actualización das medidas de ordenación académica para a validación de materias do alumnado que cursa as ensinanzas de 1º curso de Bacharelato e as ensinanzas profesionais de Música e de Danza do 24 de xaneiro de 2023.

- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral (DOG do 15). Modificado polo Real decreto 14/2023, do 17 de xaneiro (BOE do 18).

- Orde do 10 de marzo de 2009 pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza (DOG do 18).

- Real decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de educación física deben ter a condición de deportista de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de danza (BOE do 28). Modificado polo Real decreto 14/2023, do 17 de xaneiro (BOE do 18).

- Orde do 6 de novembro de 2008 pola que se determinan as materias optativas das ensinanzas profesionais de danza establecidas polo Decreto 204/2007, do 11 de outubro (DOG do 17).

- Orde do 11 de febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de danza que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 25).

- Decreto 204/2007, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza (DOG do 2 de novembro).

- Real decreto 85/2007, do 26 de xaneiro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de danza reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 13 de febreiro). Modificado polo Real decreto 1953/2009, do 18 de decembro (BOE do 18 de xaneiro de 2010) e polo Real decreto 898/2010, do 9 de xullo (BOE do 13).

3. Escolas

- Circular 12/2006 pola que se establecen as titulacións que deberá posuír o profesorado que imparta docencia nas escolas de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia do 14 de xullo de 2006.

- Orde do 11 de marzo de 1993 (enlace coa segunda parte do documento) pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22 de abril).

4. Autorización a centros docentes privados

- Orde do 5 de decembro de 1995 pola que se desenvolve o Decreto 253/1995, do 29 de setembro, sobre autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas (DOG do 7 de febreiro de 1996).

- Decreto 253/1995, do 29 de setembro, sobre autorización a centros docentes privados para impartir ensinanzas artísticas (DOG do 11 de outubro).

5. Programa Erasmus+

O programa Erasmus+ nas ensinanzas de danza tramítase desde o centro educativo. Pódese consultar toda a información ao respecto, no ámbito da educación e a formación, na páxina web do Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), a través dos sectores educativos do programa Erasmus+ da Educación Escolar ou da Formación Profesional, segundo proceda.

- Convocatoria de propostas 2021 EAC/A01/2021 (DOUE do 25 de marzo de 2021).

6. Axudas e bolsas de estudos

- Resolución do 15 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2023-2024, para estudantes que cursen estudos postobligatorios. Extracto desta resolución (BOE do 17)

- Convocatoria das bolsas de Xunta de Galicia/Fulbright para a ampliación de estudos artísticos nos Estados Unidos de América durante o curso 2023/24. Extracto da Orde desta convocatoria (BOE do 25)

- Resolución do 10 de marzo de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2022-2023, para estudantes que cursen estudos postobrigatorios. Extracto desta resolución (BOE do 12).

- Convocatoria das bolsas Xunta de Galicia/Fulbright para a ampliación de estudos artísticos nos Estados Unidos de América durante o curso 2022/23.

7. Premios

- Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se convocan os premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de Música, de Danza, e de Artes Plásticas e Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2021/22. Premios correspondentes ao curso 2021/2022.

- Orde ECD/1611/2015, do 29 de xullo, pola que se crean e se regulan os premios nacionais ao rendemento académico do alumnado de educación secundaria obrigatoria e de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, danza e artes plásticas e deseño (BOE do 1 de agosto).

8. Organización e funcionamento

- Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza do 30 de agosto de 2011.

- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 18).

- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 19 de xaneiro de 2011).

- Real decreto 303/2010, do 15 de marzo, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 9 de abril).

9. Especialidades docentes

- Real decreto 428/2013, do 14 de xuño, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de profesores de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas de Música e de Danza (BOE do 15).

- Real decreto 427/2013, do 14 de xuño, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de catedráticos de música e artes escénicas vinculadas ás ensinanzas superiores de Música e de Danza (BOE do 15).

- Real decreto 989/2000, do 2 de xuño, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas, se adscriben a elas os profesores do devandito corpo e se determinan as materias que deberán impartir (BOE do 22) e disposición adicional quinta do Decreto 196/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de danza (DOG do 23 de outubro). – Ensinanzas elementais

10. Títulos e equivalencias

-Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 7 de decembro de 2021, polo que se determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior do Título Superior de Danza en todas as súas especialidades (BOE do 1 de xaneiro de 2022).

- Real decreto 900/2010, do 9 de xullo, polo que o título de profesor de música, regulado ao abeiro do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, e o diploma de cantante de ópera, expedido ao abeiro do Decreto 313/1970, do 29 de xaneiro, se declaran equivalentes ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para impartir as ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na dita lei (BOE do 13).

- Real decreto 899/2010, do 9 de xullo, polo que determinados documentos oficiais se declaran equivalentes ás titulacións a que se refire o artigo 96.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para impartir as ensinanzas elementais e profesionais de danza establecidas na dita lei (BOE do 13).

- Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE do 22). Corrección de erros (BOE do 23 de decembro de 2009). Modificado polo Real decreto 197/2015, do 23 de marzo (BOE do 13 de abril).

- Orde ECI/1082/2006, do 6 de abril, para a aplicación do disposto no Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, polo que se establecen os requisitos para obter a equivalencia, para os efectos de docencia, entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela (BOE do 14).

- Real decreto 798/2005, do 1 de xullo, polo que se establecen os requisitos para obter a equivalencia, para os efectos de docencia, entre os estudos completos de danza anteriores á Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, e os estudos superiores de danza regulados nela (BOE do 20).

- Real decreto 706/2002, do 19 de xullo, polo que se regulan determinadas incorporacións ao grao superior das ensinanzas de música e as equivalencias, a efectos académicos, das ensinanzas de música, de canto e de danza dos plans de estudos que se extinguen cos correspondentes á nova ordenación do sistema educativo (BOE do 7 de agosto).

- Real decreto 1542/1994, do 8 de xullo, polo que se establece as equivalencias entre os títulos de Música anteriores á Lei Orgánica 1/1990. do 3 de outubro. de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. e os establecidos na devandita Lei (BOE do 9 de agosto)

11. Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores

- Orde do 9 de novembro de 2021 pola que se fai pública a composición do Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores (DOG do 18).

- Decreto 279/2008, do 11 de decembro, polo que se crea e regula o Consello Galego de Ensinanzas Artísticas Superiores (DOG do 23). Modificado polo Decreto 395/2009, do 8 de outubro (DOG do 22) e polo Decreto 143/2021, do 14 de outubro (DOG do 28).